



INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: MANTEMENTO LICENZAS BASE DE DATOS ORACLE
Valor estimado de licitación do contrato: 61.443,43€
Duración: 2 anos dende a formalización non prorrogables

Datos do expediente:

- Procedemento negociado sen publicidade por razón da exclusividade
- Tramitación ordinaria
- Un so criterio de adxudicación: o prezo

Análise da proposta

A proposta de adxudicación formulada polo Director de Recursos Humanos o 30/11/2015, detalla o iter procedimental resultando:

- Invitouse a un único licitador que reunía o requisito de ter os dereitos en exclusiva a tal fin
- Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as comisións negociadoras
- Que unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, previa solicitude dos informe técnicos, e visto que o único licitador cumpría os requisitos esixidos e as súas proposicións se axustaban aos pregos, remitiuse a proposta ao órgano competente para a contratación, que o 23/11/2015 formulou proposta de requirir ao único licitador para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- A oferta económica do licitador foi coincidente co orzamento da licitación : 61.443,43€ V.E./ 2 anos (74.346,55€ con iva)
- Que o licitador requirido presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado ofertado en atención á duración inicial (3.072,17€)

O Director de RRHH e Rexime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

Examinada a proposta de adxudicación á Mesa do Parlamento a favor de ORACLE IBERICA, S.R.L., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2015

A interventora